



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO ORGANIZATIVO DO CONCELLO DE ABEGONDO, CELEBRADO O DÍA 26 DE XUÑO DE 2023.

EXPEDIENTE: 2023/G010/000006

ACTA Nº 2023/6 SESIÓN Ordinaria DO PLENO - CASA DO CONCELLO, luns 26 de xuño de 2023 -

En Abegondo, ás catorce horas do día vinte e seis de xuño de 2023 e previamente convocados a efectos de dar cumprimento ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Alcalde-Presidente José Antonio Santiso Miramontes, os concelleiros na que se indican co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Silvia Taboada Carro

Jairo Bello Vidal
Ana María García Mayo
José Cañas Otero

Blandino García Roel

Escusan a súa ausencia:

Jesús García Nuñez

Secretario accidental

José Antonio Varela Doval

Interventora interina

Cristina Ciudad-Buitrago Rúa

Asiste como secretario José Antonio Varela Doval, secretario accidental da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 17.06.2023 que estaba pendente de aprobar.

Intervén o concelleiro Blandino García Roel para pedir que se inclúa na acta anterior ao respecto da súa intervención onde parabenizaba a toda a corporación por este novo mandato e isto non aparece na acta de constitución. Incorporase a acta do día 17.06.2023 a súa intervención.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

O voceiro do grupo socialista Jairo Bello Vidal intervén para poñer en coñecemento do Pleno que non recibiron a documentación do Pleno ata un momento antes do mesmo cando o puxeron en coñecemento de secretaría, comprobouse que se tratou dun erro informático e proporcionase copia a todos os concelleiros do PSOE dos asuntos do Pleno.

Blandino García Roel propón a suspensión da sesión plenaria.

O alcalde entende máis axeitado tratar o punto 7 da orde do día, e o concelleiro Blandino García Roel non está a favor do cambio na orde do día pois entende que se con esta modificación só poden intervir os voceiros e voceiras dos grupos políticos e non os asistentes ao Pleno.

7.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: ORGANIZACIÓN CONCELLO: COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE: 2023/X999/000246-2023/G006/000134

De Acordo co establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentarán na Secretaría Xeral da Corporación dentro do cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún Concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, iso non impedirá a súa constitución e o non asinante integraranse no grupo mixto.

Xa que logo e visto que se presentaron os escritos correspondentes, Constitúense os seguintes grupos municipais:

- 1.- Grupo PP:** Voceiro: Alberto Seoane Brandariz e Suplentes: Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel. O resto de compoñentes son José A. Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira e Silvia Taboada Carro.
- 2.- Grupo PSOE:** Voceiro: Jairo Bello Vidal, e Suplentes: Ana María García Mayo, José Otero Cañas e Jesús García Núñez.
- 3.- Grupo Mixto(BNG):** Blandino García Roel



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Intervén Blandino García Roel rexeitando o feito de seren grupo mixto xa que a lei de bases non recolle o número de membros que ten que ter un grupo municipal.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro) Abstencións: 0 () Votos en contra: 4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero, Blandino García Roel)</p>
--

2.-PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO CONCELLO PLENO DA CORPORACIÓN E ESTABLECIMENTO DE CANTIDADE POR ASISTENCIA.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: ORGANIZACIÓN CONCELLO: PERIODICIDADE SESIÓNS PLENO

EXPEDIENTE: 2023/X999/000159-2023/G006/000133

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. Procede, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 propoñer a periodicidade das sesións do pleno.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- O Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e a Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, reconece que o Pleno pode celebrar sesións ordinarias e extraordinarias, téndose que celebrar as sesións ordinarias do Pleno coa periodicidade mínima establecida polo artigo 46.2. a) da Lei 7/85, de 2 de abril, antes citada, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDA.- Tal e como dispón o apartado 3 do artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

O Pleno é o órgano competente para establecer a cantidade a pagar por asistencia.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación, terán lugar o último xoves de cada mes impar, cada dous meses, ás 14.00 horas, no Salón de Sesións do Concello, ou lugar habilitado ao efecto.

SEGUNDO.- Establecer a indemnización pola asistencia efectiva ao Pleno en cen (100) euros por sesión para os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial.

O resto de asistencias se manteñen como estaban.

TERCEIRO.- Facultar ao señor Alcalde para pospor ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo ou se atope incluído nun período vacacional ou non se poida celebrar por circunstancias extraordinarias.

CUARTO.- Comunicar este acordo a todos os Concelleiros afectados e aos encargados dos diferentes Servizos Municipais, para o seu coñecemento e efectos.

Interveñen os membros da oposición:

Intervén Jairo Bello Vidal di que sería máis factible que o horario dos plenos fose os xoves ás 19:30 ou 20:00 horas. Tamén manifestan que os membros do PSOE doarán as súas indemnizacións por asistencia a Asociacións sen ánimo de lucro.

Por outra banda Blandino García Roel manifesta que serían necesarios máis plenos ordinarios e en outros horarios, así como tamén informa de que doará as achegas económicas derivadas dos Plenos e comisións.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 0

Votos en contra:4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero, Blandino García Roel)

3.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: ORGANIZACIÓN CONCELLO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

EXPEDIENTE: 2023/X999/000246-2023/G006/000128

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. Procede, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 134 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, resulta necesario proceder á creación e determinación da composición das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- O Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA- Resulta necesario proceder á creación e determinación da composición das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello, ao obxecto de dotar ao mesmo de órganos complementarios de carácter asesor, todo elo para facer efectivo o dereito que o art. 20.1. c) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, outorga a todos os Grupos Municipais integrantes da Corporación.

SEGUNDA. De conformidade co disposto pola normativa autonómica, constituída pola Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, en concordancia cos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, correspóndelle ao Pleno de cada Corporación determinar o número e a denominación destas Comisións Informativas de estudo e ditame, tanto cando nacen coa vocación de permanencia por obedecer á estrutura do ámbito competencial do Concello, como cando nacen co carácter temporal con obxecto de tratar de temas específicos.

TERCEIRA. De conformidade co precepto citado, estas Comisións estarán integradas polos membros que designen os diferentes Grupos Políticos que forman parte da Corporación, en proporción á súa representatividade neste Concello.

Esta Alcaldía, de conformidade coa lexislación autonómica antes mencionada, en concordancia cos artigos 123 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, en todo aquilo que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible coas normas anteriores, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO:- Crear a Comisión Informativa da Comisión Especial de Contas, de existencia preceptiva con carácter obrigatorio en todas as Corporacións de acordo coa lexislación vixente.

SEGUNDO:- Crear as Comisiones informativas de carácter permanente seguintes:

1.- Comisión Informativa de Urbanismo e obras: Encargarase do estudo e ditame previo dos expedientes que deban someterse á decisión do Pleno (ou da Comisión de Goberno cando esta actúa por delegación do Pleno) nas materias de: Vías e Obras, e Urbanismo.

2.- Comisión Informativa de Asuntos en xeral: Encargarase do estudo e ditame previo do resto dos expedientes que deban someterse á decisión do Pleno (ou da Comisión de Goberno cando esta actúa por delegación do Pleno) nas materias non sometidas a outra comisión específica

Segundo determina o art 125 do ROF o Alcalde é Presidente nato de todas as comisións. Con todo a presidencia efectiva poderá



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, despois da correspondente elección efectuada no seu seo. Esta delegación poderá ser abocada en calquera momento.

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo, dirixido ao Alcalde e darase conta ao Pleno. Poderase nomear, de igual forma, un suplente por cada titular. A composición de todas as Comisións será a seguinte:

Presidente: O alcalde (coa facultade de delegación enriba indicada)

Vogais: Co fin de gardar a proporcionalidade do resultado das eleccións (art. 125 do ROF) designaranse tres vogais para o grupo municipal PP (sen engadir ao alcalde ou presidente en quen delegue) e dous vogais para o grupo municipal PSOE e un para o grupo municipal mixto (BNG). No caso de que haxa algún concelleiro/a non adscrito ao longo do mandato integrárase no grupo mixto.

TERCEIRO:- Ás funcións destas Comisións Informativas de carácter permanente, serán o estudo e ditame previo dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno e da Alcaldía, nestes dous últimos supostos cando estes órganos actúen pola delegación daquel, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación, cando o órgano competente solicítelles o seu ditame. A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos aos que anteriormente se fixeron referencia, recoñécese o dereito de todos os Concelleiros membros das Comisións Informativas de poder consultar, directa e persoalmente, os libros de resolucións e os libros de actas da Xunta de Goberno custodiados na Secretaría Xeral da Corporación.

CUARTO:- Estas Comisións, fóra da Especial de Contas, celebraranse coas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza cada unha das Comisións na súa sesión constitutiva, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o seu Presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo, do seu número legal de membros. O seu funcionamento axustarase ao previsto no Capítulo II do Título Preliminar da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública, supletoriamente, polo que prevén os artigos 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

QUINTO:- Comunicar este acordo aos diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada Comisión, notificando por escrito ao Secretario Xeral desta Corporación no prazo de cinco días hábiles semana a contar desde a adopción do presente acordo, quedando facultado o señor Alcalde para, mediante Decreto, proceder ao seu nomeamento.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro)
Abstencións: 3 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañás Otero)
Votos en contra: 1 (Blandino García Roel)

4. -RÉXIME DE DEDICACIÓNS.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: ORGANIZACIÓN CONCELLO 2023-2027: RÉXIME DEDICACIÓNS

EXPEDIENTE: 2023/X999/000246-2023/G006/000129

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local resulta indispensable proceder ao establecemento do réxime



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

de dedicación dos membros políticos desta Corporación, especialmente tendo en conta as delegacións efectuadas pola Alcaldía mediante Decreto así como o seu réxime de retribucións e indemnizacións.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral
- O Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción, dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos cales formen parte, incluídos os Organismos Autónomos.

SEGUNDA. A motivación das retribucións que vai percibir o Alcalde-Presidente baséanse na Orde do 14 de xaneiro de 2011 publicada no Dog de 21 de xaneiro de 2011, xa que é funcionario público e son retribucións que se axustarán en todo caso ao que deba de percibir coma tal, incluíndo os complementos e graos consolidados.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas, propón ao Pleno do Concello que previa deliberación e exame do expediente da súa razón proceda á adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Establecer que os membros da Corporación que a continuación se relacionan exercerán os seus cargos en réxime de dedicación que se detalla, é dicir, con dedicación total ou parcial ás tarefas propias dos seus cargos:

Nome e cargo	Dedicación
- José Antonio Santiso Miramontes (Alcalde-Presidente)	Total

Nome e cargo	Dedicación
Alberto Seoane Brandariz (Segundo tenente de alcalde)	Parcial

SEGUNDO.- Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas (12 de carácter mensual e 2 nos meses de xuño e decembro), e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

especial correspondente. Quedan excluídos os trienios aos que no seu caso ten dereito por tratarse dun funcionario de carreira e atoparse en situación de servizos especiais, tal e como sinala o artigo 75 bis.1 da LBRL.

Nome e cargo	Retribucións anuais brutas
-José Antonio Santiso Miramontes (Alcalde-Presidente)	51.982,24 euros

Nome e cargo	Retribucións anuais brutas
-Alberto Seoane Brandariz (Segundo tenente alcalde)	25.842,88 euros

A percepción destas retribucións será incompatible co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e con calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes, sen prexuízo das dietas e indemnizacións que lles poida corresponder pola súa asistencia aos Consellos de Administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas. Tamén será incompatible coas indemnizacións que se establezan no apartado seguinte.

TERCEIRO. Igualmente se determina que as retribucións dos membros con dedicación actualizaranse anualmente e incrementaranse nos termos que determinen as leis de orzamentos xerais do Estado, para o conxunto dos empregados públicos.

CUARTO.- O presente acordo queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente e, no caso de que fose necesario, á aprobación das correspondentes modificacións orzamentarias.

QUINTO.- Tramitar a correspondente alta con efectos retroactivos á data de toma de posesión ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou entidade de xestión especial correspondente dos cargos electos que realizarán a súa función con dedicación exclusiva ou parcial.

SEXTO.- Notificar o presente acordo aos Portavoces dos diferentes Grupos Políticos Municipais e a todos os Concelleiros, facendo constar aqueles que foron designados para desenvolver o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, que se entenderá aceptado devandito réxime polo afectado, de non manifestar nada respecto diso dentro do prazo das 24 horas seguintes á súa notificación.

Blandino García Roel está a favor dun soldo digno ,pero hai unha escala de grises. Fai mención ás retribucións brutas que se percibirán e os trienios que lle corresponden ao alcalde como funcionario público así como as retribucións máximas establecidas legalmente para concellos de 5.000 a 10.000 habitantes, do que conclúe que é legal pero de ético teñen as súas dúbidas.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro) Abstencións: 0 Votos en contra:4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero, Blandino García Roel)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

5. -FIXACIÓN DO NÚMERO, RETRIBUCIÓNS E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: FIXACIÓN DO NÚMERO RETRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL

EXPEDIENTE: 2023/X999/000256-2023/G006/000130

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local resulta indispensable fixar o número, retribucións e características do persoal eventual.

SEGUNDO. Existe consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á asignación que comporta este nomeamento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 29 e seguintes, e 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- O artigo 176 do texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os artigos 41.14 e 50.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co disposto no artigo 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nos Concellos deberán axustarse aos seguintes límites e normas:

b) Os Concellos de Municipios con poboación superior a 5.000 e non superior a 10.000 habitantes poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de un.

SEGUNDA. O Réxime Xurídico deste persoal eventual atópase regulado nos artigos 104 e 104 bis da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 176 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e no artigo 31 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O artigo 29 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que ten a consideración de persoal eventual as persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

orçamentarios consignados para este fin.

Ao persoal eventual élle de aplicación, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira.

A prestación de servizos como persoal eventual non constituirá mérito algún para o acceso ao emprego público nin para a promoción dentro de leste.

TERCEIRA. Enténdese por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas en as que concorran as seguintes circunstancias:

- Asesoramento vinculado ao desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, ou apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.
- Non estar reservadas a persoal funcionario.
- Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

CUARTA. O procedemento a seguir para o nomeamento de persoal eventual é o seguinte:

- O nomeamento do persoal eventual é libre e corresponderá ao Alcalde da Corporación, de conformidade co artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O réxime das súas retribucións e a súa dedicación, xunto co nomeamento hanse de publicar no Boletín Oficial da Provincia, e, no caso de que o haxa, no propio da Corporación.
- O nomeamento notificarase ao interesado e ao Rexistro de Persoal e Intervención.

Á vista do establecido no art. 104 da Lei Reguladora das Bases de réxime local, é necesaria a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual polo cal **PROPOÑO**:

PRIMEIRO.- A creación do seguinte posto de persoal eventual:

- Denominación:** secretaría da alcaldía
- Características:** Persoal eventual, tarefas de secretariado de dirección. Asimilado ao Grupo A2. Administración xeral.
- Retribución:** Bruta mensual de 2.446,37 euros. Percibiranse 14 pagas todas elas de igual contía, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes a percibir nos meses de xuño e decembro.

SEGUNDO.- Continuar co mesmo persoal e polo tanto ratificar a contratación do persoal que se relaciona e coas seguintes retribucións:

- María Belén Seoane Mazás, con N.I.F. número ***6780**, cunha retribución bruta mensual de 2.446,37 euros. Percibiranse 14 pagas todas elas de igual contía, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes a percibir nos meses de xuño e decembro.

TERCEIRO.- Determinar que as retribucións dos membros con dedicación actualízanse anualmente e



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

incrementaranse nos termos que determinen as leis de orzamentos xerais do Estado, para o conxunto dos empregados públicos.

CUARTO.- A persoa nomeada poderá ser cesada ou separada libremente pola Alcaldía en calquera momento do mandato da actual Corporación. En calquera caso, este persoal eventual cesará automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

QUINTO.- Notificar este nomeamento ao interesado para que tome posesión do cargo.

SEXTO.- Facer público este nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, con especificación do réxime de retribucións e dedicación.

O que propoño aos efectos oportunos

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 1 (Blandino García Roel)

Votos en contra: 4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero,)

6. -NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: ORGANIZACIÓN CONCELLO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

EXPEDIENTE: 2023/X999/000246-2023/G006/000131

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. Procede, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, resulta necesario proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- O Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, é preciso nomear concelleiros nos distintos órganos colexiados con representación municipal, nomeamento que debe facerse a través do acordo plenario a que se refire o citado artigo 38 do ROF.

Por medio da presente propoño ao Pleno da Corporación que previa deliberación e exame do expediente da súa razón adopte o seguinte **A C O R D O**:

PRIMEIRO: Designar aos seguintes concelleiros como representantes do Concello nos órganos colexiados que se relacionan a continuación:

Consorcio As Mariñas:

Titular: O alcalde-presidente

Suplente: Alberto Seoane Brandariz

Consello Escolar do CEIP San Marcos:

Titular: Alberto Seoane Brandariz

Suplente: Francisca Bestilleiro Roel

Consello escolar do IES de Viós:

Titular: Francisca Bestilleiro Roel

Suplente: Alberto Seoane Brandariz

Fondo galego de cooperación e solidariedade:

Titular: Alberto Seoane Brandariz

Suplente: Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Asociación de desenvolvemento rural Mariñas Betanzos:

Titular: O Alcalde-Presidente

Suplente: Alberto Seoane Brandariz

SEGUNDO:- Designar de forma xenérica e residual ao alcalde como representante no órganos colexiados nos que non exista nomeamento expreso e como suplentes aos tenentes de alcalde en orde á súa tenencia de Alcaldía.

TERCEIRO:- Notificar aos órganos colexiados relacionados o presente acordo para a súa constancia e efectos oportunos.

O que propoño aos efectos oportunos

Intervén Blandino García Roel solicitando que se lle traslade ao pleno todos os temas tratados por estes órganos colexiados.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro)
Abstencións: 4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero, Blandino García Roe)
Votos en contra:0

8.-PROPOSTA DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta da alcaldía que dí:

ASUNTO: PROPOSTA DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EXPEDIENTE: 2023/X999/000246-2023/G006/000132

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. CELEBRADAS as Eleccións Locais de data 28 de maio, e constituído o novo Concello con data 17 de Xuño de 2023, resulta necesario proceder, e tendo en conta que unha boa forma de acadar maior celeridade e eficiencia nas decisións públicas, propónse a adopción dun acordo para a delegación das competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- O Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.

CONSIDERACIÓNS

En aplicación do regulado no artigo 22.4 da lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 51 e o 114 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, acórdase delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que corresponde ao Pleno, segundo o artigo 22, 2º da LBRL, salvo as indelegables por lei que son as enunciadas no apartado 2 parágrafos a), b), c), d), e) f), g), h), i), l) e p) así coma as do apartado 3 deste artigo.

Esta Alcaldía, de conformidade co disposto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en concordancia coa Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción actual, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes **ACORDOS**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
- De forma residual, delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio de todas as atribucións que ao Pleno Corporativo lle sexan delegables, con excepción das enunciadas no apartado 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p) e parágrafo 3 do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local citada e sempre que non requiran para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta esixida polo artigo 47 da dita lei e disposicións concordantes.
- As demais que expresamente lle confiran as leis.

Segundo.- Considérase que queda comprendido na declaración todas as facultades e todos os asuntos que formen parte da competencia ou atribución delegada. Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas, deberán indicar dita circunstancia, entendéndose ditados pola Alcaldía deste Concello.

Terceiro.- Os actos que emanan do órgano delegado entenderáanse ditados polo delegante. As atribucións delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano.

Cuarto.- En ningún caso considerarase delegada a resolución dos recursos contra os actos ditados por delegación.

Quinto.- O exercicio da delegación terá en conta o disposto no artigo 9 de la Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sexto.- Esta delegación non quedará revogada polo mero feito de producirse un cambio na titularidade na composición da Xunta de Goberno Local. A revogación ou modificación da delegación haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Sétimo.- Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á adopción do Acordo sen prexuízo de que dita resolución sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia e do estipulado no artigo 114 do ROF.

Intervén Blandino García Roel pois entende que se sacan competencias do Pleno, reducindo así a fiscalización por parte do Pleno.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, e Silvia Taboada Carro)</p> <p>Abstencións: 3 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañás Otero)</p> <p>Votos en contra:1 (Blandino García Roel)</p>



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

9.-COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E CONCELLEIROS DELEGADOS.

Dáse conta ao pleno das seguintes resolucións de data 26.06.2023 da alcaldía en materia de nomeamento de membros da xunta de goberno local, tenentes de alcalde e concelleiros delegados, quedando o pleno enterado:

9.1 ASUNTO: DECRETO CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL 2023-2027
EXPEDIENTE:2023/X999/000246-2023/G003/000359

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, do 21 de abril, recoñece esta Entidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral
- O Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de réxime local de Galicia e 46 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, indican que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno.

SEGUNDA.- De conformidade co disposto polos artigos 20.1. b) e 23 da citada Lei, e en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de réxime local de Galicia e 41.3, 43.2 e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, neste municipio é obrigatoria a constitución da Xunta de Goberno por ter unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PRIMEIRO:- Constituír a Xunta de Goberno, órgano colexiado municipal de carácter resolutorio, que quedará integrada polos membros seguintes:

Presidente:- José Antonio Santiso Miramontes;

Vogais: -Laura Consolación Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Francisca Bestilleiro Roel e Marcos Zapata Díaz.

SEGUNDO:- As sesións da Xunta de Goberno celebráense na Sala de Comisións desta Casa Consistorial cada quince días, o segundo e cuarto xoves de cada mes ás 14.00 horas.

TERCEIRO:- Facultar o señor Alcalde-Presidente para alterar as sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan coa Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando iso non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospor ou avanzar a celebración das sesións ordinarias da citada Comisión, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo ou outras circunstancias que se xustifiquen.

CUARTO:- A Xunta de Goberno, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación desta, as competencias seguintes:

A) Concesión de licenzas de apertura de establecementos comerciais, industriais, mercantís ou de calquera outra índole.

B) Concesión de licenzas de obras en xeral, demolicións e declaracións de ruína.

C) As aprobacións de instrumentos do expoño de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

D) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso 6.000.000 euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior de catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

E) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento, así como aprobación dos pregos de condicións técnicas facultativas e económico-administrativas, resolución das reclamacións ou recursos interpostos contra eles e aprobación definitiva.

F) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3.000.000 euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicada nos seguintes supostos:

-As de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento.

-As de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa alleamento non se atope prevista no Orzamento.

G) Disposición e autorización de gastos, así como aprobación de certificacións de obras e facturas de contía superior a 10.000 euros.

H) Devolución de fianzas.

I) A concesión de todas as subvencións que teñan nos orzamentos municipais consignación específica ou nominativa ou, se a consignación é global, sempre que non supere a cantidade de 10.000 euros.

K) A aprobación dos padróns impositivos e matrículas que sexan competencia desta Alcaldía de acordo coa lexislación vixente, así como a resolución dos recursos e reclamacións derivados destes actos.

QUINTO:- As atribucións delegadas teranse que exercer pola Xunta de Goberno nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano. No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, do texto seguinte: "a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante Decreto de data 26 de xuño de 2023". Os acordos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

que se adopten por delegación entenderanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, a quen se terá que manter informado o exercicio da delegación, e serán inmediatamente executivos e presuntamente lexítimos.

SEXTO:- Comunicarlles esta resolución a todos os concelleiros afectados e aos xefes dos diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos e publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e dar conta ao Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto polo artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

9.2 ASUNTO: DECRETO NOMEAMENTO TENENTES ALCALDE 2023
EXPEDIENTE: 2023/X999/000147 e 2023/G003/000360

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local, procede, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 nomear tenentes de alcalde.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- O Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de réxime local de Galicia e 46 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, indican que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno.

SEGUNDA.- De acordo coa lexislación á que se fixo referencia anteriormente, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións a condición de que non se atopen dentro dos supostos previstos polo artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción actual, polo artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública e 61.3 da Lei 5/97, de 2 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, nos que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

procedendo a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Nomear como tenentes de alcalde deste Concello, cos efectos a día de hoxe, os membros da Xunta de Goberno local coa orde que se indica :

Primeira tenente de alcalde: Laura Consolación Calvo Quintela

Segundo tenente de alcalde: Alberto Seoane Brandariz

Terceiro tenente de alcalde: Francisca Bestilleiro Roel

Cuarta tenente de alcalde: Marcos Zapata Díaz

SEGUNDO.- Establecer que en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta alcaldía e da tenencia de Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, e en especial, a ordenación de pagos e autorizacións de talóns bancarios serán realizadas polos membros da Xunta de Goberno local, de conformidade coa orde determinada na formación da Xunta de Goberno.

A estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante decreto, a duración da súa ausencia, designando ao tenente de alcalde para asumir as súas competencias.

De non conferirse esta designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo primeiro tenente de alcalde e, na súa falta, por calquera dos outros membros da Xunta de Goberno local, que deberán dar conta diso ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcalde accidental máis dun deles.

TERCEIRO.- Comunicarlles este decreto aos afectados, facéndolles constar que terá que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcalde accidental, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas. Notificarase ademais, esta resolución aos concelleiros delegados afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, se dentro do prazo das 24 horas seguintes non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

CUARTO.- De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as delegacións serán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste decreto aos concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación con base na presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

QUINTO.- Publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e dar conta ao Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto polo artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

9.3 ASUNTO: DECRETO DELEGACIÓNS TENENTES ALCALDE 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/X999/000256-2023/G003/000361



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. Resulta necesario establecer a nova organización municipal, en particular a delegación das competencias da alcaldía para configurar as concellerías delegadas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- O Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP Nº 33 de 16-02-2012.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións a condición de que non se atopen dentro dos supostos previstos polo artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción actual, polo artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública e 61.3 da Lei 5/97, de 2 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, nos que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

Por medio da presente e en uso das atribucións que legalmente teño conferidas **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Conferir as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS a favor dos Concelleiros que se indican, para a dirección e xestión das áreas de Goberno Municipal que a continuación se relacionan:

Concelleira delegada das competencias municipais en materia de Sanidade e Acción Social: Laura C. Calvo Quintela
Concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Transparencia: Alberto Seoane Brandariz
Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Impulso Demográfico: Gustavo Quindimil Gómez
Concelleira delegada de Formación, Emprego, Turismo , Programas Europeos e Protección Civil: Francisca Bestilleiro Roel.
Concelleiro delegado de Industria, Comercio, Xuventude e Polígono Ecoagrario: Marcos Zapata Díaz.
Concelleiro delegado de Mantemento e Servizos Públicos: José M^a Caamaño Nogueira.
Concelleira delegada de Asociacionismo, Colaboración e Cooperación Veciñal e Asociacionismo: Silvia Taboada Carro.

SEGUNDO.- En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas á Alcaldía no art. 21.3 da Lei 7/85, de 2 de Abril e no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de Xullo.

TERCEIRO.- Delegar de forma indistinta en todos os Concelleiros deste Concello as competencias que a esta Alcaldía lle outorga o artigo 51.1 do Código Civil, na nova redacción dada ao mesmo pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal.

Esta delegación faculta a todos os Concelleiros para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

poida intervir máis dun deles.

CUARTO.- As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro.

QUINTO.- De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste Decreto aos Concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

SEXTO.- Notificar esta resolución aos Concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, se dentro do prazo das 24 horas seguintes non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno desta resolución na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do texto legal antes citado.

Ás 14:55 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental

José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.